

O Concello sacará solo á venda para vivendas a prezos reducidos

A Xunta non atende ás demandas do Concello para mellorar o transporte público

Páxina 10



Concello de  Oleiros

Abre o paseo polo interior do pazo de Arillo

Páxina 7

Vivir en Oleiros

Número 65
Decembro 2019
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

O alcalde acampa na N-VI para demandar as obras pendentes do Ministerio de Fomento



Rematan as obras de urbanización no centro de Oleiros

Páxina 7

Mulleres senlleiras darán nome ás novas rúas

Páxina 11

Continúa a loita do Concello para lograr o túnel en Sol y Mar

■ O alcalde, Ángel García Seoane, acampou no cruce de Sol y Mar durante máis de 24 horas para demandar ao Ministerio de Fomento a contratación das obras de mellora das infraestruturas viarias na comarca da Coruña, que leva anos esquecida polos distintos Gobernos de Madrid. No caso concreto de Sol y Mar, Fomento conta cunha partida de 4 millóns nos orzamentos que está sen executar e que posibilitaría a inmediata contratación desta obra que, basicamente, consistiría na construción dun túnel e dunha rotonda na superficie.

Páxina 8

Máis de 1.000 persoas fórmanse nas escolas municipais de música, danza e teatro

Veciños e veciñas de todas as idades participan nas distintas actividades artísticas que se desenvolven nas escolas municipais de música, danza e teatro. As instalacións da Fábrica e da Escola Municipal de Artes Escénicas son auténticos viveiros de artistas.

Páxina 18

Ocioleiros ofrece 26 actividades lúdicas

Páxina 20

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

PP e PSOE perden o respecto polas institucións municipais

A histeria, a desesperación e o nerviosismo está a apoderarse dos grupos da oposición en Oleiros. A súa política baséase na difamación, na calumnia e na demagogia. Non ofrecen nada máis á cidadanía. O único obxectivo que perseguen é catapultarse dentro dos seus partidos para optar a poltronas noutras latitudes, como fixeron historicamente os concelleiros da oposición.

Mentres saltan e non saltan, pretenden converter as institucións municipais nun circo. Provocan algarabías para xerar situacións caóticas que obri-

guen a poñer orde ao alcalde, para despois poder acusalo de actuar de maneira ditatorial.

O comportamento dos concelleiros do PP e do voceiro do PSOE foi especialmente irrespectuoso durante os dous últimos plenos municipais. As persoas presentes na sala, e as que seguen os plenos pola radio, tiveron que aturar berros, continúas interrupcións ao alcalde, xestos fóra de lugar, actitudes infantís, descualificacións, saídas de ton... O esperpento foi tal que chegaron a comparar a ditadura de Franco co actual sistema democrático, mesturándoo con

falacias sobre o comunismo. Teñen a cara tan dura que unha das concelleiras do PP chegou a presentar unha proposta en contra do ensino público, sendo ela a directora do colexio público de Santa Cruz.

Fronte a esa mediocridade política, o Goberno de Alternativa dos Veciños seguirá actuando con firmeza e contundencia. Non imos retroceder nin un milímetro na defensa da convivencia, da democracia e do respecto polas institucións municipais, menosprezadas e atacadas por uns políticos miserentos. O alcalde, como pre-

sidente do pleno, non vai tolerar nin un só atentado máis contra o regulamento estipulado para o desenvolvemento das sesións, aprobado polo conxunto da corporación.

A democracia, que tanto tardamos en acadar neste país, non pode ser vilipendiada por aspirantes a vividores da política. A vontade do pobo de Oleiros reside no pleno e ningún grupo político ten dereito a apropiarse da súa voz. Eses que pretenden amordazarnos sempre se atoparán de fronte coa honestidade, o esforzo e a loita pola liberdade de Alternativa dos Veciños.



Partido Popular de Oleiros

O comunismo de Gelo e o Nadal

Gelo, unha vez máis, declarouse comunista, e, como non, deu mostras de que aborrece o Nadal. No pleno de novembro volveuno a facer. Ao tratar unha iniciativa de Partido Popular que lle pedía que iluminase e adornase as rúas do municipio e si, o non facelo, tiña un fondo ideolóxico, alegou que era un dispendio e engadiu que era

comunista como Jesucristo. Non como Fidel, Maduro ou Evo Morales, do que, por certo, a través dunha declaración institucional, que terminou en moción, sostivo que fora destituído por un golpe de estado. Comunista si, pero cunha fortuna a día de hoxe equivalente á que Franco acumulou durante 40 anos. Comunista dos que

a crise fixo novo millonario. Pero non pode ver o Nadal, non a comparte, non está no seu credo, non debe celebrarse desde a institución municipal. Deixa escuro e triste Oleiros durante estas datas e non se inmuta. Gelo un ano máis vólvelle a roubar o Nadal a Oleiros, aos seus nenos, aos seus maiores, ao seu comercio, a todos.

Pero hai esperanza. Hai que aplaudir á Comisión de Festas de Santa Cruz, polas súas iniciativas de Nadal, por nadar contra corrente neste Concello no que se persegue ao que non cala e acepta.

Feliz Nadal e Próspero Ano Novo a todos os veciños de Oleiros.



Grupo Municipal Socialista

Neste mes de decembro, queremos aproveitar para mandar os nosos mellores desexos ós veciños de Oleiros, comprometéndonos, unha vez máis, a intensificar os nosos esforzos para acadar un concello mellor para todos, máis

xusto, máis democrático e máis participativo, cunha administración que camiñe ó carón dos veciños, na procura do interese xeral, e non duns poucos poderosos. Nestas premisas baseamola nosa proposta para os veciños, e

nesa senda seguimos camiñando, no lugar que os veciños quixeron que estivésemos, apoiando aquelas políticas e actuacións xustas e beneficiosas, e criticando e loitando contra aquelas que distan dos principios e actitudes que

deben rexir un goberno democrático, transparente, e eficaz. Os socialistas manteremo-lo noso compromiso de esforzo, dedicación e propósito de mellora para este novo ano. Felices festas a todos, e que teñades un bo ano.



Bloque Nacionalista Galego

Un paso adiante

Nas eleccións xerais celebradas o pasado día 10 de novembro, o BNG obtivo un deputado pola provincia da Coruña, confirmando a liña de recuperación comezada anos atrás. Os votos de 1.430 oleirenses contribuíron a que o nacionalismo galego teña de novo presenza no Congreso, dando visibilidade a outro xeito de facer política, próximo á cidadanía e afastado do «postureo» mediático.

Desde o BNG de Oleiros queremos agradecer a todos e todas a confianza depositada, apostando unha vez máis desde os Concellos por un traballo transparente e con obxectivos a curto, medio e longo prazo: un novo modelo de mobilidade, a vivenda como dereito básico, o cambio climático ou o feminismo poden tamén ser tratados desde a perspectiva municipal.



Ciudadanos

O espírito do Nadal, é un concepto global que desde a nosa infancia e ata a nosa senectude, significou desde hai máis de dous mil anos, uns días cheos de luces e cores, onde a solidariedade aflora entre homes e nenos. Quen nalgún momento da súa vida, non contemplou as figuras do nacemento ou a árbore de Nadal?, é un espírito que debe de estar por riba das ideoloxías políticas. Ese espírito do Nadal, maniféstase exter-

namente na maioría das vilas de Galicia e de España, coas luces que en maior ou menor medida, iluminan as súas rúas nestas datas.

Desde Cidadáns solicitamos ao Equipo de Goberno do noso Concello, que respecte as tradicións e proceda a iluminar as nosas rúas, porque ninguén pode roubarlle o espírito do Nadal aos nenos, algo que ano tras ano, vén sucedendo nos núcleos de poboación de Oleiros.

EDITORIAL • Desprezo total

◆ A comarca da Coruña, así como gran parte da provincia coa excepción de Santiago de Compostela, está a ser completamente marxinada polos diferentes gobernos de España PP-PSOE no que a investimentos en infraestrutura se refire impedindo así a mellora, o progreso e o desenvolvemento das nosas vilas e cidades.

Galicia está no furgón de cola das comunicacións viarias e ferroviarias, temos as peaxes máis caras de España e constantemente increméntanse tarifas e despídense traballadores e traballadoras mentres que noutras comunidades, como foi o último caso da Valenciana, se rescatan autoestradas eliminando ou reducindo peaxes (o ministro é valenciano) e, o que é aínda máis grave, páganse a conta de todos e todas nós as débedas provocadas polo ladroízo das obras do porto de Valencia.

Cando chegan as eleccións énchense a boca falándonos do AVE que nunca chegou a alzar o voo porque lle desplumaron os fondos para mercar votos que lles permitan acadar o poder e amañar gobernos precarios con oportunistas de distinta pelaxe.

Galicia ten vinte e un deputados, repartidos en cinco partidos, uns formando parte do goberno e

outros na oposición. Se botamos un ollo ás hemerotecas comprobaremos que nunca abriron a boca para defender as necesidades da nosa autonomía e das comarcas que a compoñen. Barrigas cheas, estómagos agradecidos que se dedican a vivir ao grande con soldos incomprensibles e múltiples prebendas adheridas ao cargo. Agora non lles vale dicir a algúns que non teñen posibilidade de incidir na aprobación dos orzamentos do Estado e nas infraestruturas a realizar. Que lle pregunten aos únicos deputados de PRC de Cantabria ou ao de Coalición Canaria que condicionou o seu apoio a cambio de propostas para a súa comunidade autónoma valoradas en cento trinta e seis millóns de euros.

Desde o Goberno municipal de Oleiros non quixemos incidir na última campaña electoral pero si imos facelo nas próximas autonómicas apoiando a aqueles que nos traían as infraestruturas, as industrias, os servizos ou presentando candidatura para ter presenza no parlamento de Galicia e defender os intereses da nosa comarca e influír na aprobación dos orzamentos e no reparto destes.

Imos ir aafiando a ferramenta para esta nova contenda...



■ Parque José Martí

Complétanse as beirarrúas en Lorbé




◆ O Concello tratou a construción de beirarrúas entre a casa do pobo de Lorbé e o linde con Sada cun investimento de 374.027,94 euros. Desta maneira, increméntase a seguridade viaria nunha zona moi importante do municipio, desatendida por parte da Xunta de Galicia.

Elimínase o tapón da rúa Corredoira das Viñas ▼



◆ Demoleuse o garaxe que supoñía un embude para a rúa Corredoira das Viñas. Desta maneira poderá ampliarse a calzada que dá acceso ao centro de Perillo.

Segue avanzando a creación do parque costeiro de Bastiagueiro



◆ Nos primeiros meses do ano rematarán as obras de axardinamento do novo parque costeiro de Bastiagueiro. Toda a franxa costeira desde o Hotel Portocobo ata Bastiagueiro convértese nunha grande zona verde pública que ocupa 138.000 metros cadrados.

Continúa a renovación da rúa do Repicho ▼



◆ O Concello está a cambiar o pavimento da rúa peonil do Repicho, no centro de Santa Cruz. O investimento nesta actuación é de 161.898,48 euros.

OUTRAS ACTUACIÓNS EN MARCHA ▼

- Pavimentación das rúas do Valiño
- Ascensor da casa do pobo de Lorbé
- Mellora do teito do local social de Rialta
- Sinalización dos cambios de circulación en Perillo

0 ano botará a andar co inicio de 14 novas obras ▼

■ *Nas últimas semanas foron adxudicadas diversas obras, que irán comezando progresivamente nos vindeiros días. Trátase de actuacións importantes en diversas zonas do municipio.*

■ Remodelación do pavillón da Rabadeira:	439.895,50 euros
■ Nova rede de abastecemento de auga na avenida Francisca Herrera:	394.361,18 euros
■ Substitución do pavimento de madeira do paseo marítimo da ría, entre A Fábrica e Agramar:	348.995,45 euros
■ Pavimentación da rúa Uxío Novoneyra:	101.641 euros
■ Pavimentación da praza da lagoa de Mera:	99.220 euros
■ Renovación da cuberta do Centro Municipal de Formación:	62.687,68 euros
■ Reparación e melloras na pista de skate de Bastiagueiro:	47.836,07 euros
■ Mellora dun tramo de beiravía na rúa San Bartolomé de las Casas:	27.526,40 euros

■ *Hai outra serie de obras que quedarán contratadas antes de que finalice o ano. Tamén estarán en marcha nos primeiros meses de 2020.*

■ Primeira fase do campo de fútbol de Mera:	939.011,50 euros
■ Construción dunha pista de patinaxe de velocidade e ciclismo en Bastiagueiro:	430.419,71 euros
■ Novo parque infantil en Perillo, na avenida II República:	126.686,15 euros
■ Melloras na urbanización O Bosque:	226.503,12 euros
■ Pavimentación da rúa Seixo Branco:	132.686,93 euros
■ Pavimentación da rúa Agurniño:	72.227,30 euros
■ Mellora da rede de auga en Lorbé:	44.423,95 euros

O Concello decidiu trasladar o parque infantil que se atopaba xunto á polideportiva da avenida da II República, en Perillo, por tratarse dunha zona moi sombría. Ademais de renovar por completo todos os xogos, na súa nova ubicación do parque da Barreira estará rodeado dunha zona verde pública de 10.988 metros cadrados.



As beirarrúas da avenida de Venezuela seguen en marcha ▼



◆ As obras de construción de beirarrúas na avenida Venezuela, entre Oleiros e Santa Cruz, están a progresar dentro do que o permiten as adversas condicións climatolóxicas. Malia o retraso inicial co que arrancou a obra, que foi denunciado na Deputación polo alcalde, a obra está a desenvolverse a bo ritmo.

Fenosa e Telefónica retrasan a obra ▶ de ampliación da estrada da Besta



◆ A estrada que conecta o centro de Mera coa vía Ártabra, que está a ser ampliada, sofre un retraso na súa execución debido a que Telefónica e Fenosa demoraron a retirada dos postes que se atopaban nas beiras da calzada. O Concello está a demandar a Deputación que controle á empresa adjudicataria das obras, xa que está a retrasar máis do previsto a execución dos traballos.

A rúa do Souto contará con beirarrúas no ano 2020 ▶

◆ O alcalde está a tramitar na Deputación a contratación da obra de urbanización na rúa do Souto, desde Coruxo ata As Torres de Santa Cruz, por un importe de 770.183 euros. Esta obra realizarase ao longo do ano 2020.



O Concello sacará á venda solo para 45 vivendas a prezo reducido ▼

◆ Os veciños e veciñas de Oleiros poderán adquirir pisos a prezos inferiores aos do mercado. Nas vindeiras semanas sairán á venda 4 parcelas de propiedade municipal para a construción de 4 novos edificios. Dado que o Estado non facilita nin fomenta a construción de vivendas protexidas para a súa venda, o Concello vai empregar o solo do que dispón nas novas urbanizacións para facilitar o acceso á vivenda.

O Concello vai fixar un prezo máximo de venda aos promotores que adquieran o solo. Ademais, as persoas empadroadas no municipio terán preferencia para realizar a adquisición dos pisos.

Os edificios estarán situados nas proximidades do campo de golf de Xaz, no centro de Mera, en Oleiros e en Perillo. O solo foi adquirido gratuitamente polo Concello a través da xestión do solo das novas urbanizacións que se foron creando por todo o municipio.

SOLO PARA VIVENDAS UNIFAMILIARES ▼

O Concello dispón de solo á venda para a construción de vivendas unifamiliares en Xaz, en Mera, en Canide, en Oleiros e en Iñás. Aquelas persoas interesadas en adquirir algunha destas parcelas deben dirixirse á Secretaría Xeral do Concello.

Finalizan as obras de urbanización no centro de Oleiros

◆ Concluíu a urbanización do centro de Oleiros, que abriu novas vías e incrementa os espazos públicos e zonas verdes da capital do municipio. Neste ámbito, o Concello tamén é propietario dunha parcela para a construción dun edificio.



Avanza a nova conexión coa vía Ártabra desde Franzomel ►

◆ As cesións ao patrimonio municipal polo desenvolvemento da urbanización de Xaz, contemplan entre outras moitas cousas, a entrega de 106.459 metros cadrados totalmente urbanizados como novas rúas públicas. A vía principal, de 1,8 km, permitirá conectar Santa Cruz coa vía Ártabra, desde Franzomel ata Os Tornos.



Aberto o paseo polo interior do pazo de Arillo ►

◆ Xa é posible circular a pé ou en bicicleta polo paseo peonil que atravesa o interior do pazo do centro de Arillo. Agora o Concello pretende abordar, nunha nova fase, a conexión deste tramo co xa existente uns metros máis adiante en Lourido.



Fomento contesta á acampada do alcalde en Sol y Mar dicindo que seguen a tramitar a licitación

■ *O Ministerio non autoriza a restitución dos semáforos*



◆ O mesmo día que o alcalde iniciou a súa acampada en Sol y Mar para demandar a contratación das obras viarias na comarca da Coruña, o Ministerio de Fomento dirixiuse á Deputación da Coruña para contestar a moción presentada no pleno provincial do pasado 25 de outubro por Ángel García Seoane, na que reclamaba a reapertura ao tráfico tal e como se atopaba antes das obras do colector da avenida Che Guevara. No documento recibido pola Deputación, Fomento informa de que o proxecto do enlace de Sol y Mar foi aprobado o pasado 2 de agosto e que actualmente se atopa en tramitación a licitación das obras. Por ese motivo aconsellan manter o actual funcionamento da intersección, sen semáforos, ata o comezo das obras.

As pasarelas da N-VI, case listas



◆ Están a rematar as tarefas de instalación dos ascensores das pasarelas peonís da N-VI. Unha vez finalicen todas as probas de seguridade entrarán en servizo.

O Concello impugna nos tribunais os plenos do Consorcio das Mariñas por incumprir a legalidade

◆ O Concello de Oleiros está a iniciar os correspondentes trámites para impugnar por vía xudicial os acordos adoptados nos plenos do Consorcio das Mariñas. Este organismo está a incumprir diversas leis, entre elas a Lei 40/2015 do 1 de outubro que ditamina a disolución dos consorcios e a súa adscrición ao concello de máis poboación e funcionarios, que neste caso é o de Oleiros. A adscrición responsabiliza o Concello de Oleiros do orzamento e da contabilidade do Consorcio. Ademais, a aprobación das contas e do orzamento municipal de Oleiros por parte do Tribunal de Contas está supeditado ao estado económico do Consorcio.

A presión municipal obriga a Portos de Galicia a reparar o peirao de Mera ▼



◆ O Concello de Oleiros remitiu un novo requirimento a Portos de Galicia para demandar a urxente reparación dos graves danos existentes no peirao de Mera. Os últimos afundimentos do pavimento están a poñer en evidencia o alarmante estado de abandono desta infraestrutura da Xunta de Galicia.

Tal e como se explica no documento, o porto de Mera estase a afundir e atópase nun total estado de abandono por parte do organismo autonómico. Conta con graves afundimentos do pavimento, fendas, buratos de grandes dimensións, postes en ruínas, unha barreira de acceso tirada e distintas zonas ocas que supoñen un perigo moi grande para a estabilidade desta infraestrutura. Igualmente, a acumulación de area xunto á rampla provoca situacións extremadamente perigosas para as persoas que embarcan e desembarcan coas súas embarcacións neste peirao.

Acceso a internet: un servizo básico privatizado ▼



■ *O Concello está a reclamar ao Ministerio de Industria, á Xunta e ás empresas a instalación de fibra en todas as localidades*

◆ A conexión a internet é un servizo básico e necesario para toda a cidadanía. Son moitas as persoas que por cuestións laborais ou empresariais precisan acceder á rede. Igualmente, internet faise imprescindible para dirixirse ás administracións públicas ou para realizar xestións comerciais de carácter persoal.

A privatización de Telefónica deixou en mans de compañías privadas a decisión de ofrecer ou non o servizo de acceso a internet. Para paliar esa situación, o Estado está a financiar as empresas con subvencións millonarias a fondo perdido para a instalación de fibra óptica. Isto está a permitir ás compañías lucrarse pola explotación dunhas redes, que colocan onde máis lles interesa pero que se pagan con cartos públicos.

O Concello está a demandar constantemente ás administracións autonómicas e estatais, así como ás compañías, a instalación de fibra óptica en todas as zonas urbanas de Oleiros. Froito das xestións realizadas polo Goberno municipal coa Xunta de Galicia, co Ministerio de Industria e coas empresas, están previstos diferentes despregamentos nos vindeiros anos que, nalgunhas zonas, xa darán comezo proximamente.



DESPREGAMENTO 2019 (R)

- **DEXO:** Lorbé
- **DORNEDA:** Aguieira, Augarrío, Breixo, O Couto, Lourido Pequeno, Abeleiras de Abaixo e Sisaldo
- **IÑÁS:** Campo da Vila, Fontes e A Xesta
- **MERA:** Punxeiro, Xoez, Agra e O Regacho
- **NÓS:** A Gándara

DESPREGAMENTO 2020 (TELEFÓNICA)

- **DEXO:** Aba e Dexo
- **NÓS:** O Valiño e A Veiga
- **LIÁNS:** Babilonia
- **MERA:** A Lagoa

DESPREGAMENTO 2021 (TELEFÓNICA)

- **MERA:** Canabal e Fornos
- **DORNEDA:** O Bosque
- **OLEIROS:** Cobo e Rabuñeiro
- **DEXO:** Subiña

O Concello mellora as redes wifis públicas nas instalacións municipais

◆ Nas vindeiras semanas procederá a instalar un novo servizo wifi público na Casa do Concello, Facenda Municipal, Biblioteca Rialada, A Fábrica, Centro Municipal de Formación e Servizos Sociais, entre outras dependencias. Calquera cidadán poderá conectarse á rede a través dos seus dispositivos electrónicos mediante un sinxelo sistema de autentificación. O Concello de Oleiros vai desenvolver este proxecto con fondos europeos procedentes do programa Wifi4EU.



A Xunta non contempla as demandas realizadas polo Concello para mellorar as liñas e as frecuencias dos autobuses ▼

■ O Goberno municipal presenta alegacións ao plan autonómico que regulará o transporte da comarca da Coruña

A Xunta de Galicia pretende que o servizo de transporte público no Concello de Oleiros siga funcionando ata 2030 do mesmo xeito que na actualidade. O novo plan de transporte elaborado pola Xunta non recolle ningunha das propostas realizadas polo Concello e simplemente dá continuidade á precaria situación actual.

◆ O proxecto da Dirección Xeral de Mobilidade para Oleiros non presenta novidades sobre as actuais liñas, frecuencias e paradas. O Concello entende que o actual servizo de transporte é totalmente insuficiente, polo que presentou as correspondentes alegacións para que se inclúan as propostas xa realizadas, malia que non foron tidas en consideración neste documento.



DEMANDAS REALIZADAS ▼

O Concello de Oleiros demanda unha **frecuencia de 30 minutos para os núcleos de Montrove, Oleiros, Serantes, Maianca e Dexo**; a creación dunha **liña aos campus universitarios** adaptada aos horarios do alumnado; **conexións nocturnas** para facilitar os traslados relacionados co ocio nocturno; **mellorar a comunicación coa capital do Concello e prolongar a liña de Oleiros ata o polígono comercial de Iñás** en horario laboral.

Nas alegacións presentadas tamén se inclúe que as liñas de interese municipal, como a que conecta Lorbé co Burgo e que actualmente está a ser financiada polo Concello, se integren plenamente dentro das novas concesións. Ademais disto, o Concello de Oleiros reclama que, en previsión de posibles ampliacións das liñas de transporte urbano da cidade cos concellos de Culleredo, Arteixo e Oleiros, se deixe claro a lexitimidade destes servizos para garantir a súa seguridade xurídica. Das propostas realizadas pola Xunta, si é positivo o sistema de pagamento que se aplicaría, con bonos mensuais de 50 ou 100 viaxes.

O Concello considera necesario que a Xunta se reúna cos concellos implicados co fin de explicar o plan en detalle, aclarar dúbidas e se for necesario ampliar os prazos para acadar un acordo antes de iniciar a licitación, co obxectivo de lograr un servizo de transporte digno na comarca da Coruña durante a próxima década.

Acordo co Concello de Coruña para a continuidade da liña 1-A durante todo o ano

◆ Coa intención de que a liña de bus urbano 1-A chegue a Santa Cristina durante todo o ano, os concellos da Coruña e Oleiros mantiveron unha reunión na que acordaron realizar os correspondentes trámites previos para solicitarlle á Xunta a continuidade do servizo os 12 meses. Este verán quedou demostrado que se trata dun servizo público dunha grande utilidade, que funciona moi ben e que ten un elevado número de persoas usuarias. É por iso que non se entendería a oposición da Xunta de Galicia, que ten as competencias en materia de transporte nos municipios de menos de 50.000 habitantes.



Mulleres senlleiras darán nome a novas rúas ▼



■ Rosa Parks, loitadora polos dereitos civís en Estados Unidos

◆ A proposta do alumando do IES Miraflores, diversas rúas que se van crear en novas urbanizacións de Oleiros levarán o nome de mulleres que pola súa traxectoria e valía foron importantes ao longo da historia. É o caso de Rosa Parks, destacada loitadora polos dereitos civís nos Estados Unidos que se negou a cederlle o asento do autobús a un branco; Maruja Mallo, pintora galega da xeración do 27 comprometida coa democracia, a liberdade e a república; María Callas, soprano grega considerada como a cantante de ópera máis célebre do século XX; Clara Campoamor, defensora da democracia e dos dereitos da muller, principal artífice do sufraxio feminino en España; María Zambrano, pensadora, filósofa, escritora e firme defensora da liberdade; e María Moliner, destacada bibliotecaria, filóloga e lexicógrafa, autora do Dicionario de uso do español.

A Casa do Arxentino abrirá novamente na primavera ▼



◆ O concurso para a adxudicación do restaurante-hotel propiedade do Concello de Oleiros en Mera resolverase nas vindeiras semanas e, polo tanto, estará novamente aberto ao público cando chegue a primavera. A anterior concesionaria desenvolveu un magnífico traballo neste establecemento, ofrecendo un servizo de calidade que lle permitiu obter unha rendibilidade económica e que amosou as grandes posibilidades da explotación desta instalación.



Os centros de lecer de Santa Cruz e As Pedras, en funcionamento proximamente ▼

◆ O Concello está a tramitar a licitación do servizo de ocio para os centros de lecer de Santa Cruz e As Pedras, en Montrove. Estes equipamentos para a xuventude acaban de ser remodelados por completo. No caso de Santa Cruz realizouse unha reforma total e en Montrove, na antiga Escola das Pedras que albergaba o Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil, tamén se realizou unha completa obra de mellora para adaptar esta instalación ao seu novo fin.

ASÍ SI!



Coida ao teu can e evita multas

Difama que algo queda ▶

• O PP, o PSOE e Ciudadanos, aos que se lles sumou máis recentemente o BNG, están empeñados en facer ver á cidadanía de Oleiros que o alcalde actuou ilegalmente na adquisición dunha parcela municipal por parte da súa esposa e del mesmo. A venda realizouse a través de poxa pública e en sobre pechado, é dicir, ao mellor ofertante. ▼

• Á poxa pública pode presentarse calquera persoa ▼

◆ As parcelas municipais que saen a licitación son adquiridas previamente polo Concello a través das cesións obrigatorias que estipula a lei para os propietarios de solo nas urbanizacións que se desenvolven. Ao Concello correspóndelle o 10% dese solo, que posteriormente pon á venda. Con eses recursos financianse unha grande parte dos investimentos municipais en obras públicas: beirarrúas, instalacións deportivas, asfaltados, redes de augas...

O proceso para a licitación fíxose a través dos mecanismos legais establecidos. A poxa foi anunciada no Boletín Oficial da Provincia e na Plataforma de Contratación do Estado. Ademais, durante máis de 4 meses, e non os 15 días que determina a lei, realizáronse publicacións na prensa escrita, en emisoras de radio privadas, na radio municipal, na web do Concello e nas redes sociais, no periódico Vivir en Oleiros e nos paneis informativos, informándose así ao conxunto da poboación para aqueles cidadáns e cidadás que quixesen presentarse.

Parcelas municipais que saíron á venda:

PARCELAS PARA CONSTRUIR VIVENDAS UNIFAMILIARES			
LOCALIDADE	PARCELA	VIVENDAS	EUROS
OLEIROS (A PEZOCA)	II DO PP-6	5 VIVENDAS	279.643
IÑÁS (ARENAZA)	Z-1.2	1 ILLADA	93.611
PERILLO (O CARBALLIDO)	1071 SUP1-R, PROINDIVISO 64,125%	1 ILLADA	85.503,64
MERA (PUNXEIRO)	18	1 ILLADA	80.194,50
MERA (CANIDE)	RUP 4-2.2	1 PAREADA	73.597,67
MERA (CANIDE)	RUP 4-2.3	1 PAREADA	80.862,22
MERA (CANIDE)	RUP 4-2.4	1 PAREADA	83.483,65
MERA (CANIDE)	RÚAS 5-7, PROINDIVISO 30,56%	1 ILLADA	32.241,52
MERA (CIVIDANES)	RF-03	1 PAREADA	36.345,52
MERA (CIVIDANES)	RF-04	1 PAREADA	36.578,51
MERA (CIVIDANES)	RF-21	1 ILLADA	69.196,29
MERA (CIVIDANES)	RF-23	1 PAREADA	33.083,74
MERA (CIVIDANES)	RF-22	1 PAREADA	35.879,56
MERA (CIVIDANES)	RF-34	1 ILLADA	66.866,43
MERA (CIVIDANES)	RF-38	1 ILLADA	71.992,09
DORNEDA (XAZ)	RP-2.1	2 PAREADAS	150.491,99
DORNEDA (XAZ)	RP-7.1	2 PAREADAS	150.491,99
DORNEDA (XAZ)	RP-7.2	2 PAREADAS	150.491,99
DORNEDA (XAZ)	RP-7.3	2 PAREADAS	150.491,99
DORNEDA (XAZ)	RP-7.4	2 PAREADAS	150.491,99
DORNEDA (XAZ)	RP-7.5	2 PAREADAS	150.491,99
DORNEDA (XAZ)	RP-7.6	2 PAREADAS	150.491,99
DORNEDA (XAZ)	RP-8.1	2 PAREADAS	150.491,99
DORNEDA (XAZ)	RP-8.3	2 PAREADAS	150.491,99
DORNEDA (XAZ)	RP-8.4	2 PAREADAS	150.491,99
DORNEDA (XAZ)	RP-9.1	2 PAREADAS	150.491,99
DORNEDA (XAZ)	RP-9.2	2 PAREADAS	150.491,99

Oleiros sacará a la venta 38 parcelas municipales «a prezos accesibles»

En los solares se podrán construir más de 153 viviendas libres y de precio tasado

El Concello de Oleiros sacará a la venta 38 parcelas municipais «a prezos accesibles». En los solares se podrán construír máis de 153 vivendas libres e de prezo tasado.

Un beneficio variable

Más de 4,4 millones de ingresos

BOP

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OLEIROS

Secretaría Xeral

ANUNCIO

Por Decreto de la Alcaldía número 2019002867 de fecha 12 de julio se aprobó el expediente de contratación por medio de subasta pública, para la venta de varias parcelas de titularidad municipal destinadas a USO RESIDENCIAL LIBRE, que son las siguientes:

PARCELA	VIVENDAS	M ²	EUROS
OLEIROS (A PEZOCA) II DO PP-6	5 VIVENDAS	537,5	279.643
IÑÁS (ARENAZA) Z-1.2	1 ILLADA	93,611	93.611
PERILLO (O CARBALLIDO) 1071 SUP1-R, PROINDIVISO 64,125%	1 ILLADA	85.503,64	85.503,64
MERA (PUNXEIRO) 18	1 ILLADA	80.194,50	80.194,50
MERA (CANIDE) RUP 4-2.2	1 PAREADA	73.597,67	73.597,67
MERA (CANIDE) RUP 4-2.3	1 PAREADA	80.862,22	80.862,22
MERA (CANIDE) RUP 4-2.4	1 PAREADA	83.483,65	83.483,65
MERA (CANIDE) RÚAS 5-7, PROINDIVISO 30,56%	1 ILLADA	32.241,52	32.241,52
MERA (CIVIDANES) RF-03	1 PAREADA	36.345,52	36.345,52
MERA (CIVIDANES) RF-04	1 PAREADA	36.578,51	36.578,51
MERA (CIVIDANES) RF-21	1 ILLADA	69.196,29	69.196,29
MERA (CIVIDANES) RF-23	1 PAREADA	33.083,74	33.083,74
MERA (CIVIDANES) RF-22	1 PAREADA	35.879,56	35.879,56
MERA (CIVIDANES) RF-34	1 ILLADA	66.866,43	66.866,43
MERA (CIVIDANES) RF-38	1 ILLADA	71.992,09	71.992,09
DORNEDA (XAZ) RP-2.1	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99
DORNEDA (XAZ) RP-7.1	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99
DORNEDA (XAZ) RP-7.2	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99
DORNEDA (XAZ) RP-7.3	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99
DORNEDA (XAZ) RP-7.4	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99
DORNEDA (XAZ) RP-7.5	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99
DORNEDA (XAZ) RP-7.6	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99
DORNEDA (XAZ) RP-8.1	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99
DORNEDA (XAZ) RP-8.3	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99
DORNEDA (XAZ) RP-8.4	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99
DORNEDA (XAZ) RP-9.1	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99
DORNEDA (XAZ) RP-9.2	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99



O Concello saca á venda novas parcelas para a construción de vivendas libres e protexidas

• Nos vindeiros días saíran á venda 37 parcelas de propiedade municipal adquiridas gratuitamente polo Concello a través da sesión do solo das novas urbanizacións que se foron ofrecendo por todo o municipio. Os solares atópanse en Oleiros, Iñas, Perillo, Mera (Canide, Punxeiro e Cividanes) e Dorneda (Xaz).

As parcelas están dotadas de todos os servizos e dependendo da súa cualificación permiten a construción de vivendas unifamiliares (illas ou pareadas), plurifamiliares (libres e protexidas ao prezo tasado pola Xunta de Galicia) e naveas para usos industriais. A licitación será por medio de poxa pública. O prazo de presentación de ofertas abrirá proximamente.

LOCALIDADE	PARCELA	VIVENDAS	M ²	EUROS
OLEIROS (A PEZOCA) II DO PP-6	5 VIVENDAS	537,5	279.643	
IÑÁS (ARENAZA) Z-1.2	1 ILLADA	93,611	93.611	
PERILLO (O CARBALLIDO) 1071 SUP1-R, PROINDIVISO 64,125%	1 ILLADA	85.503,64	85.503,64	
MERA (PUNXEIRO) 18	1 ILLADA	80.194,50	80.194,50	
MERA (CANIDE) RUP 4-2.2	1 PAREADA	73.597,67	73.597,67	
MERA (CANIDE) RUP 4-2.3	1 PAREADA	80.862,22	80.862,22	
MERA (CANIDE) RUP 4-2.4	1 PAREADA	83.483,65	83.483,65	
MERA (CANIDE) RÚAS 5-7, PROINDIVISO 30,56%	1 ILLADA	32.241,52	32.241,52	
MERA (CIVIDANES) RF-03	1 PAREADA	36.345,52	36.345,52	
MERA (CIVIDANES) RF-04	1 PAREADA	36.578,51	36.578,51	
MERA (CIVIDANES) RF-21	1 ILLADA	69.196,29	69.196,29	
MERA (CIVIDANES) RF-23	1 PAREADA	33.083,74	33.083,74	
MERA (CIVIDANES) RF-22	1 PAREADA	35.879,56	35.879,56	
MERA (CIVIDANES) RF-34	1 ILLADA	66.866,43	66.866,43	
MERA (CIVIDANES) RF-38	1 ILLADA	71.992,09	71.992,09	
DORNEDA (XAZ) RP-2.1	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99	
DORNEDA (XAZ) RP-7.1	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99	
DORNEDA (XAZ) RP-7.2	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99	
DORNEDA (XAZ) RP-7.3	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99	
DORNEDA (XAZ) RP-7.4	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99	
DORNEDA (XAZ) RP-7.5	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99	
DORNEDA (XAZ) RP-7.6	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99	
DORNEDA (XAZ) RP-8.1	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99	
DORNEDA (XAZ) RP-8.3	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99	
DORNEDA (XAZ) RP-8.4	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99	
DORNEDA (XAZ) RP-9.1	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99	
DORNEDA (XAZ) RP-9.2	2 PAREADAS	150.491,99	150.491,99	

As parcelas atópanse situadas nos mellores lugares do municipio.

• Os ingresos procedentes destas vendas, o Concello financia as obras públicas.

◆ A raíz da adxudicación no mes de agosto, o PP, ao que despois se lle sumou o PSOE, Ciudadanos e o BNG, iniciou unha campaña difamatoria poñendo en dúbida o sistema de adxudicación, a súa publicidade e a valoración do solo. Durante un mes estiveron emitindo comunicados aos medios sobre este asunto; levaron o tema ao pleno, recibindo a correspondente resposta por parte do alcalde; e presentaron peticións de información no Concello pedindo aclaracións ás que responderon por escrito os servizos xurídicos municipais o día 14 de outubro, quedando totalmente en evidencia a maldade das intencións do Partido Popular e os que o secundan.

Das 29 parcelas que o Concello sacou a licitación, unicamente foron adxudicadas 5, quedando 24 sen ofertantes e, polo tanto, desertas. A adquirida pola esposa do alcalde superou en 2.500 euros o prezo de saída, abonando 153.000 euros por esta.

PARCELAS ADXUDICADAS

• V.J.C.R.: RF22- SUD1- Cividanes, Mera	38.750,00 €
• J.A.C.R.: RF23- SUD1- Cividanes, Mera	36.850,00 €
• O.C.S.: RF03- P. Reparcelación SUD1 Cividanes, Mera	37.135,00 €
• P.G.P: RF04- P. Reparcelación SUD1 Cividanes, Mera	38.002,12 €
• Otilia Mejuto López: RP 2.1- SUD 11 Xaz, Dorneda	153.000,00 €

Sen argumentos nin temas para continuar difamando o alcalde, dous meses despois pretenden repetir a campaña difamatoria cun pleno extraordinario. Argumentan a axitación pública e as dúbidas que eles fomentaron sobre a adxudicación á sociedade de gananciais, querendo converter o pleno nun circo público, como veñen amosando nos últimos plenos celebrados onde se dedican a gritar, difamar e a menosprezar as normas mínimas que deben rexer no pleno da corporación. A desesperación e a incapacidade de tan funesta representación opositora non logrará os seus maléficos obxectivos.

Para rematar, dous ditos populares: Ladrán Sancho, cabalgamos. Pensa o ladrón que todos son da súa condición.



Vinte veciños en paro participan nun novo obradoiro para finalizar a rehabilitación do edificio principal da Finca Tenreiro ▼

◆ Desde o pasado mes de novembro, 20 veciños e veciñas de Oleiros que se atopaban en situación de desemprego están contratados cun contrato de formación e cun salario mensual de 900 euros, máis as correspondentes pagas extras, para desenvolver a última fase de rehabilitación da casa principal da Finca Tenreiro. Ademais outras 5 persoas forman o persoal docente.

Para poder desenvolver o Obradoiro Dual de Emprego Acondicionamento do Parque da Finca Tenreiro a Consellería de Economía, Emprego e Industria achega 336.446 euros e o Concello 39.966,41 euros. Están a impartirse as especialidades de albanería e carpintería. O alumnado que obteña o certificado de profesionalidade unha vez que finalice o curso, terá un contrato nunha empresa do sector durante un mínimo de 3 meses. Para fomentar as contratacións, as empresas que empreguen os alumnos e alumnas dos obradoiros terán un incentivo económico.



O Concello realiza cursos de formación para persoas en situación de desemprego ▼

◆ A Xunta de Galicia concedeulle ao Concello de Oleiros unha subvención de 263.559,94 euros para a realización de cursos de formación para persoas en situación de desemprego. En total son 7 programas formativos: Cociña, Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes no Domicilio, Montaxe e Mantemento de Instalacións Solares Térmicas, Comunicación en Lingua Castelá, Competencia Matemática e Comunicación en Lingua Galega.

Para poder participar nos cursos nos que aínda queden prazas, as persoas interesadas deben contactar co Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, no enderezo rúa Os Regos 24, no teléfono 981 610 319, ou a través do correo electrónico cmf@oleiros.org.

Enrique Rodríguez e Carlos Bregua son premiados polos seus 25 anos de colaboración con Protección Civil ▼



◆ Enrique Rodríguez e Carlos Bregua recibiron a medalla de ouro da Asociación Nacional de Agrupacións y Asociacións de Voluntarios de Protección Civil de España polos seus 25 anos de traballo desinteresado e impecable. A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Oleiros tamén recibiu o galardón, nun acto celebrado hai varias semanas na Estrada.

O Concello coopera con Guatemala en dous proxectos ▼

◆ Guatemala é un país que viviu realidades difíciles, debido a diversas situacións socio-políticas e militares, a 36 anos de guerra e a acontecementos naturais como terremotos ou furacáns que devastan o territorio. Esta situación provoca unha pobreza extrema e grandes desigualdades socioeconómicas - o 85% da riqueza está en mans do 15% da poboación-. Especialmente significativas son as carencias nos ámbitos educativo e sanitario, sendo o país de América Latina no que menos se inviste en ensino e sanidade.

● ESCOLA E SANITARIOS EN QUETZALTENANGO

O Instituto de Educación Básica de Aldea La Loma, que conta con 75 estudantes e 4 docentes – 2 son asalariados do Estado e 2 non cobran-, precisa da construción dunha nova aula, así como de medios sanitarios para poder ofrecer atención que require a poboación da zona. É por iso que o Concello de Oleiros vai apoiar con 5.508,48 euros o proxecto que as comunidades campesiñas da parroquia de Colomba van desenvolver para construír unha nova aula no seu centro de ensino e mellorar a atención médica con 5 sanitarios.

● ESCOLA DAS MERCEDARIAS DE BÉRRIZ EN COLOMBA

A escola do Instituto Guatemalteco de Educación Radiofónica en Colomba, dirixida polas Mercedarias Misioneras de Bérriz, funciona desde hai varios anos para que nenos e nenas de diferentes zonas rurais poidan alfabetizarse e recibir unha formación académica, de cara a optar a empregos dignos. Dada a extrema pobreza da zona, o habitual é que desde idades moi temperás se dediquen unicamente a traballar na recolección do café e macadamia. O Concello de Oleiros, con 7.454 euros, vai apoiar un proxecto que pretende que 109 homes e mulleres continúen cos seus estudos de primaria, secundaria e bacharelato.

A Casa Echeverry énchese de vida a diario coas actividades dos Decanos

◆ Máis de 100 persoas maiores de diferentes localidades do municipio reúnense polas tardes en Perillo para realizar diferentes actividades. O Club de Decanos encárgase de dinamizar as diferentes aulas da Casa Echeverry, que abre de luns a sábado. Actualmente esta entidade conta con máis de 90 socios, que pagan unha cota anual de 12 euros, para sufragar parte dos gastos das actividades e excursións que organizan ao longo de todo o ano. Calquera veciño ou veciña de Oleiros, independentemente de que sexa ou non socio, pode acudir a este centro social.



As persoas que coidan familiares con dependencia dispoñen de obradoiros de apoio ▼

◆ A frase “coidar ao que coida” resume a importancia fundamental que ten o apoio á persoa que asume a responsabilidade na atención ás persoas enfermas ou dependentes, xa que ademais do apoio directo que se presta a través doutros programas como axuda no fogar, centros de día, comida sobre rodas, teleasistencia..., o benestar da persoa coidadora é a mellor forma de contribuír ao benestar das persoas que coidan. É por iso que o Concello de Oleiros ten unha ampla oferta de obradoiros para apoiar as persoas coidadoras co fin de mellorar a súa calidade de vida, reducir a aparición de trastornos psicolóxicos e conseguir a mellor adaptación posible á situación que está a vivir a diario no seu rol de coidadora, dotando de estratexias para manexar dunha forma axeitada as situacións de estrés coas que se enfrenta.

Ao longo de todo o ano desenvólvense diferentes actividades dentro deste programa municipal. As persoas coidadoras que desexen participar poden inscribirse no Departamento de Servizos Sociais de Oleiros ou a través do teléfono de atención ao veciño 981 610 000.

INFÓRMATE DA ACTUALIDADE MUNICIPAL


► Subscríbete ao **servizo de novas do Concello de Oleiros** | www.oleiros.org

Manu Taibo campión de Europa coa selección española ▼



◆ Manu Taibo logrou o título de campión de Europa de patinaxe de velocidade en 3.000 metros relevos. O patinador de Broño foi convocado pola Selección Española para esta importante competición que se disputou en Pamplona a finais de setembro.

Olivia Rey clasifícase para a Copa de Europa de patinaxe artística ▼



◆ Olivia Rey Pérez ocupou a cuarta posición no Campionato de España de patinaxe artística, en categoría alevín, que lle outorga a clasificación para a Copa de Europa de 2020. A tamén oleirense Xiana Royo Castrelo foi décima en infantís.

Un concello vivo

Toni Ripoll vence a Copa de España de Vela ▶

◆ O veciño dos Regos Toni Ripoll González, xunto co seu compañeiro Jacobo García, proclamouse campión da Copa de España de vela na modalidade de 420. Nesta importante competición, disputada no Mediterráneo, o regatista oleirense e o seu compañeiro superaron os segundos clasificados en 6 puntos.



Lucas Yáñez logra a medalla de bronce no Campionato de Europa de patinaxe artística ◀



◆ Lucas Yáñez Pérez conseguiu a terceira posición no Campionato de Europa que se celebrou en Alemaña no mes de setembro. Cunha puntuación de 63.85 quedou a menos de 6 puntos da medalla de prata. Antes desta competición, proclamouse campión de España da mesma modalidade.

Jorge Manzanares campión de España de Salvamento ▼



◆ O deportista oleirense Jorge Manzanares Arias proclamouse campión de España de salvamento na modalidade de longa distancia. Ademais da medalla de ouro na proba de carreira con táboa de salvamento de 6 quilómetros, Jorge conseguiu unha prata na carreira con ski (kayak) de salvamento de 12 quilómetros e un bronce na proba de relevos.



O Acordes triunfa no Campionato Galego e na Copa ◀ de España

◆ O Club Acordes conseguiu o campionato galego de ximnasia rítmica nas categorías alevín, infantil, júnior, sénior e prebenxamín base. Ademais, na Copa de España de ximnasia estética o equipo júnior foi cuarto e as prebenxamíns acadaron a medalla de bronce Campionato de España de conxuntos base.



Os deportistas do ◀ Judo Club Oleiros acadan novos éxitos

◆ Os últimos meses estiveron repletos de triunfos importantes para o Judo Club Oleiros. Antonio Sandino conseguiu un ouro na Copa de España, unha prata na Supercopa de España e un bronce no Campionato de España; Silvia Lage un bronce no Campionato de España e o equipo feminino un bronce na Liga Internacional de Clubs.

O Balonmán Atlántico ascende á división de honra infantil ▼



◆ O equipo infantil masculino do Club Balonmán Atlántico competirá esta tempada na máxima categoría galega logo de conseguir o ascenso o pasado mes de setembro en Tui. Adestrados por Diego Rodríguez, forman o equipo: Adrián, Abel, Anxo, Alexander, Dani, David, Diego A., Diego L., Lucas, Marcos, Pablo, Pedro, Roi e Tomás.

O Dorneda campión do L Trofeo Concello de Oleiros



◆ Un gol de José Luis Aguado Pernas "Coté" serviulle ao Dorneda para impoñerse ao Obrero na final do trofeo municipal de fútbol. Os oito equipos de modestos do concello participaron neste campionato no que se repartiron 10.000 euros en premios entre os clubs.

A Liga de Judo comeza o día 25 de xaneiro ▼

◆ O vindeiro sábado 25 de xaneiro arranca unha nova edición da Liga de Judo que organiza o Concello de Oleiros en colaboración co Judo Club Oleiros. Participan máis de 450 nenos e nenas en idade escolar de toda Galicia e Asturias, entre eles os judokas de Oleiros.

A competición desenvolverase os días 25 de xaneiro, 8 de febreiro, 14 e 28 de marzo. Os combates terán lugar no pavillón José Antonio García Nieto de Canide, en horario de mañá.

Oleiros, viveiro de artistas ▼

■ As escolas municipais de Música, Danza e Teatro contan con 1.035 alumnos e alumnas



◆ As escolas municipais de música, danza e teatro son importantes viveiros culturais, nos que persoas de todas as idades desenvolven as súas capacidades artísticas e conviven nun ambiente positivo para o seu crecemento e enriquecemento persoal. As instalacións, a calidade do profesorado e a implicación do alumnado, xunto co apoio das familias, fixo posible a formación de milleiros de artistas en diferentes disciplinas durante os 20 anos de existencia destas escolas, consideradas como das máis prestixiosas de toda Galicia.

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA ▼



Ofrece a posibilidade de iniciarse nunha importante variedade de instrumentos. A medida que o alumnado avanza na aprendizaxe musical ten a posibilidade de integrarse na Big Band, na Orquestra Sinfónica e na Banda, que é un dos grandes expoñentes do traballo realizado nesta escola. Dispón de 440 prazas.

ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA ▼



As 425 alumnas e alumnos desta escola reciben formación en danzas clásicas, urbanas e contemporáneas. Existen grupos para idades moi temperás, así como para a mocidade e persoas adultas.

ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO ▼



Esta escola ofrece a posibilidade de iniciarse en arte dramática a partir dos 4 anos. Existen diferentes niveis, para nenos/as, mozos/as e adultos/as. Conta con 170 prazas.

Aínda que as matriculacións para as distintas escolas se realizan na primavera, é posible optar a ocupar algunhas das prazas vacantes durante o curso. As persoas interesadas en apuntarse poden dirixirse ao correo electrónico ensino@oleiros.org.



O Concello asume o 95% ou o 100% do gasto daqueles nenos e nenas con familias nunha situación de vulnerabilidade

A Xunta distingue as bibliotecas de Oleiros polas actividades inclusivas para nenas e nenos ▶



◆ O proxecto das Bibliotecas Municipais de Oleiros, desenvolvido xunto coa asociación Participa para la Inclusión Social, dirixido a nenas e nenos con diversidade funcional recibiu o segundo premio no certame de innovación bibliotecaria da Xunta de Galicia. O primeiro premio foi para a Biblioteca Municipal Neira Vilas de Vigo, o segundo para a Biblioteca Rialada do Concello de Oleiros e o terceiro para a Fórum da Coruña.

Máis de 3.500 estudantes participarán nas actividades de promoción da lectura ▼

◆ As Bibliotecas Municipais de Oleiros ofrecen diversas actividades -contacontos, narracións, monólogos, espectáculos poéticos e recitais, obradoiros de ilustración e de banda deseñada, talleres de escritura, microficción, encontros con escritores,...- a todos os centros de ensino público para que o profesorado seleccione as que mellor se adaptan á súa programación académica. O obxectivo do Concello é fomentar a lectura entre o alumnado de educación infantil, primaria, ESO e bacharelato e que tamén coñezan as bibliotecas para que as visiten e utilicen.

Sete universitarios de Oleiros entre os que sacan mellores notas de Galicia

◆ Xoán Carro Sánchez, de Perillo; Carlota Fiaño Salinas de Dorneda; Pedro Peteiro Patiño, Javier Rey Domínguez e Lucía Souto Tizón, de Liáns; Irene Riveiro González, de Nós; e Juan Manuel Lorenzo Naveiro, de Oleiros; atópanse entre o alumnado do Sistema Universitario de Galicia con mellores cualificacións no curso 2017/18. Por ese motivo obtiveron o premio de excelencia académica ao alumnado de grao universitario.

O Luís Seoane recibe o primeiro premio de Galicia a Boas Prácticas da Escola Inclusiva ▼



◆ O CEIP Luís Seoane recibiu o primeiro premio de Boas Prácticas da Escola Inclusiva, concedido pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia. O bo traballo desenvolvido pola dirección, o profesorado e o alumnado do centro no ámbito da inclusividade recibiu este importante recoñecemento a nivel galego.

O Parga Pondal é recoñecido polo seu labor social

◆ Cun proxecto que leva por título "A historia de Quin" e que é unha loita contra o abandono e o maltrato animal, o alumnado do CEIP Isidro Parga Pondal de Santa Cruz foi galardoado nos premios Aprendizaxe - Servizon 2019, onde participaron máis de 500 escolas. Os Limpamundos, como se denomina o grupo de estudantes que participou neste proxecto, coseron mantas para que os cans dos refuxios non pasasen frío no inverno e editaron un libro solidario para recadar fondos para axudar os animais abandonados.



0 20 de decembro remata o prazo de inscrición en Ocioleiros ►

■ *Ofértanse 26 actividades lúdicas para os veciños e veciñas do municipio*

◆ As persoas interesadas en participar nalgunha das actividades de Ocioleiros poden tramitar a súa preinscrición ata o 20 de decembro. É posible apuntarse tanto a través da Sede Electrónica do Concello de Oleiros como na conserxería da Fábrica, en horario de 8:30 a 14:30 horas. Na web municipal www.oleiros.org hai ampla información sobre todo o programa, as actividades e os seus horarios.



0 venres 28 de febreiro celebrarase a Festa do Entroido no pavillón de Santa Cruz ▼

■ *Repartiranse preto de 4.000 euros en premios no concurso de disfraces*

O Pavillón Arsenio Iglesias de Santa Cruz acollerá o venres 28 de febreiro, a partir das 19:00 horas, a tradicional festa do Entroido que organiza todos os anos o Concello. Non faltará a tradicional chocolatada, o concurso de disfraces, a espectacular actuación sorpresa a cargo da "Compañía Municipal de Teatro" e a música para as persoas que teñan ganas de baile e diversión.



◆ Todas aquelas persoas que queiran participar no concurso de disfraces poderán apuntarse chamando ao 981 610 000 ou a través da web municipal www.oleiros.org. Tamén será posible realizar a inscrición o propio día da festa, antes das 19:30 horas. Habrá dúas categorías, unha de grupos e outra de disfraces individuais e parellas.

• FESTAS EN TODAS AS LOCALIDADES

Ademais da festa do pavillón de Santa Cruz, o Concello colabora coas diferentes entidades sociais e culturais que organizan actividades con motivo do Entroido nas súas correspondentes localidades. Están previstas festas en Lorbé, Dorneda, Oleiros, Dexo, Nós, Perillo, Iñas, Mera, Montrove e Santa Cruz.

• OBRADOIROS NAS BIBLIOTECAS

Todas as bibliotecas de Oleiros acollerán no mes de febreiro un obradoiro de peliqueiros articulados e outras figuras do Entroido galego. Está dirixido a nenas e nenos maiores de 6 anos. Para obter máis información e apuntarse, as persoas interesadas deben dirixirse á web municipal, á súa biblioteca máis cercana ou chamar ao 981 61 00 00.

Actividades infantís en todas as bibliotecas municipais

• BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

FEBREIRO

► **Día 25** (18:30 horas): *Riciños de ouro e os tres osos* con **O rato Fuco de Trinke Teatro**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.

MARZO

► **Día 5** (18:30 horas): *Dulcinea, a nena cabaleira* con **Anxo Fariña**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.

► **Día 12** (18:30 horas): *Cucú cucú* con **Fátima Fernández**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.



• BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ

FEBREIRO

► **Día 12** (18:30 horas): *Nanocontos* con **Charo Pita**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.

MARZO

► **Día 4** (18:30 horas): *A viaxe de Maruxa* con **Olga Abad**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.

► **Día 11** (17:30 horas): *Un día de clases en Hogwarts* con **El Caldero de Peltre**, para nenos e nenas maiores de 6 anos.




• BIBLIOTECA Mª JOSÉ TRINCADO. MERA

FEBREIRO

► **Día 7** (18:30 horas): *Contos para escoitar mentres comes pan* con **Paula Carballeira**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.

MARZO

► **Día 6** (18:30 horas): *Eu nena, ti neno* con **Charo Pita**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.



• BIBLIOTECA Mª JOSÉ RUSO. DORNEDA

FEBREIRO

► **Día 10** (18:30 horas): *Paxariños* con **Nadia Hariri de Trinke Teatro**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.

MARZO

► **Día 16** (18:30 horas): *Hércules e o xigante* con **Enrique López**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.



• BIBLIOTECA ÁNCEL FOLE. NÓS

FEBREIRO

► **Día 7** (18:30 horas): *É meu* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.

MARZO

► **Día 13** (18:30 horas): *Diagnosticando a igualdade* con **Caxoto**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.



• BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. OLEIROS

MARZO

► **Día 10** (18:30 horas): *Aprendendo a querer* con **Lilí Gruyère de Trinke Teatro**, para nenos e nenas maiores de 3 anos.

• BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ

MARZO

► **Día 12** (18:30 horas): *Cores e persoas* con **Lilí Gruyère de Trinke Teatro**, para nenos e nenas maiores de 3 anos.



As familias teñen unha cita en Mera cos *Fabulosos CleanersK*



◆ O vindeiro venres 27 de decembro, ás 18:00 horas, o Auditorio Gabriel García Márquez Os Fabulosos CleanersK, de Malasombra Producións. Trátase dun espectáculo de pompas de xabón para todos os públicos. Unha extraordinaria experiencia visual para participar toda a familia.

O espectador camiñará da man das personaxes por un mundo máxico, cheo de cor e de moito, moito humor, e verase sorprendido dentro dun patio de butacas repleto de miles de pompas de xabón. Haberá pompas transparentes, con fume, con vapor, pequenas, grandes, estáticas ou voando polo escenario.

As entradas poñeranse á venda a partir das 17:00 horas, ata completar a capacidade da sala.

A Fábrica acolle o VII Ciclo de Voces cálidas para noites de inverno



■ César de Centi actuará na Fábrica o sábado 8 de febreiro

◆ Músicos e grupos de estilos musicais diversos actuarán durante os sábados de febreiro e marzo no auditorio do centro cultural A Fábrica. A entrada para cada concerto ten un custo de 2,50 euros.

Este festival musical abrangue estilos moi diversos: soul, jazz, swing, pop, canción de autor... O obxectivo principal é a difusión da música como disciplina artística e a promoción tanto de novos artistas e como doutros que xa contan cunha traxectoria musical recoñecida.

TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicación@oleiros.org*

Luces non. Iluminados tampouco

Viva o Nadal, a convivencia, o reencontro con amigos e familiares, a boa comida, a ilusión dos Reis, a festa de ano novo, as panxoliñas, o gordo da lotería e a solidariedade. Todo isto está moi ben, ninguén o pode negar.

O que non está tan ben é que en determinados lugares do noso Estado, cando vemos que os índices de pobreza e as desigualdades sociais se incrementan ano tras ano, se decida investir millóns de euros públicos en luces e adornos. Ata os hai que teñen canóns de neve...

Os políticos iluminados, seguindo a moda iniciada polo pallaso de Vigo, están moi afastados da realidade social. Predican a caridade durante 15 días, cando o que precisa a cidadanía son políticas sociais serias durante todo o ano.

Pedro Arévalo Sánchez - Montrove

Vergoña de representantes

Son unha persoa que asiste habitualmente aos plenos municipais, e que cando non podo desprazarme os sigo a través da radio. Desde a formación da nova corporación estamos a asistir a un comportamento totalmente irrespectuoso coa institución por parte dos concelleiros do Partido Popular e do voceiro socialista. Interrompen constantemente outras intervencións que non son as deles, fan comentarios polo baixo, levántanse, xesticulan constante-

mente... Ata o voceiro do Partido Popular está escarranchado na súa cadeira como se estivese no sofá da súa casa.

É lamentable que este tipo de persoas sexan os representantes políticos dos veciños e veciñas de Oleiros. Independentemente das ideas e das propostas que teñan ou deixen de ter, o seu comportamento é totalmente irrespectuoso coa institución da que forman parte. É unha vergoña para o sistema democrático que este tipo de elementos ocupen cargos públicos. Actuará da mesma maneira no Congreso dos Deputados a concelleira Tristana Moraleja?

J.A.D.L. - Santa Cruz

América Latina libre!

Chile, Bolivia, Colombia, Ecuador, Haití, Honduras... Retrocedemos aos 70 e aos 80? Non, seguimos no século XXI, pero a gran besta norteamericana segue a practicar as mesmas tácticas para esquilmar as riquezas dos países. Mesturando tortura, represión e mortes acadan os seus obxectivos.

E onde está a comunidade internacional? Que di a ONU? Por que a Unión Europea cala e asinte? Todos da maniña de papá, lacaios do monstro imperialista que desangra os pobos.

Por moitas historias que queiran contarnos, en Bolivia o exército deu un golpe de estado contra o lexítimo presidente elixido nas urnas, Evo Morales. Despois, auto proclamouse un novo go-

berno baixo o parapeto militar e iniciouse unha forte represión chea de odio e crueldade contra os pobos indíxenas, e moi especialmente contra as mulleres.

A.C.T. - Mera

Ollo co que compramos

O outro día un grupo de indíxenas brasileiros do Amazonas foron entrevistados nunha emisora de radio, en Madrid. Ademais de denunciar as políticas de aniquilación da poboación que vive nese gran pulmón do mundo, perpetradas polo presidente fascista de Brasil, falaban dos seus problemas e de como estaban a padecer un auténtico xenocidio. Chegados a un punto da entrevista, preguntáronlles como podíamos axudalos os cidadáns europeos. Aí foi cando explicaron que estaban a deforestar a unha velocidade de vertixe para vender soia nos países occidentais.

Temos en Galicia as mellores carnes e pescados do mundo. Viños exquisitos e mananciais de auga por todas as esquinas. As nosas vacas producen leite do que despois se elaboran todo tipo de derivados. Os nosos campos están cheos de froitas durante todas as estacións do ano e temos unha horta que produce unha enorme variedade de verduras e hortalizas. De verdade que temos que alimentarnos con soia do Amazonas mentres os nosos sectores produtivos cada vez teñen máis dificultades para sobrevivir?

Antonio Regueiro Andrade - Nós

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	881 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
EI A Pardela / Os Regos	981 631 788
EI As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EI A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES M ^a Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

Bibliotecas

Central Rialda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
M ^a José Trincado / Mera	981 628 507
M ^a José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	10 xaneiro / 9 febreiro / 9 marzo
Mingua	19 decembro / 17 xaneiro / 15 febreiro
Nova	26 decembro / 24 xaneiro / 23 febreiro
Medra	3 xaneiro / 2 febreiro / 2 marzo

ENTREXARDINS / COSTA DA PALLOZA / ESTACIÓN DE AUTOBUSES DA CORUÑA / GAITEIRA / OS CASTROS / CHUAC/MATERNAL INFANTIL / XESUITAS / PONTE PASAXE

> SAÍDAS		Cal Pita		REGRESOS <	
FONTECULLER • O BURGO • SAN PEDRO					
06:20 h - 20:50 h	cada 15'	luns - venres	cada 15'	07:00 h - 21:00 h	
20:50 h - 22:20 h	cada 30'	luns - venres	cada 30'	21:30 h - 22:30 h	
06:50 h - 22:20 h	cada 30'	sa./dom./fest.	cada 30'	07:30 h - 23:00 h	

> SAÍDAS		Cal Pita		REGRESOS <	
PERILLO • SAN PEDRO • O CARBALLO • OLEIROS • SADA					
06:45 h - 20:45 h	cada hora	luns - venres	cada hora	06:55 h - 20:55 h	
21:50 h	último	luns - venres	último	22:00 h	
06:45 h - 20:45 h	cada 2 horas	sábados	cada 2 horas	07:55 h - 19:55 h	
		sábados	último	22:00 h	
08:45 h - 20:45 h	cada 2 horas	dom./fest.	cada 2 horas	09:55 h - 19:55 h	
		dom./fest.	último	22:00 h	

> SAÍDAS		Cal Pita		REGRESOS <	
PERILLO • SANTA CRUZ • ARILLO • SADA					
06:15 h - 21:15 h	cada hora	luns - venres	cada hora	06:20 h - 21:20 h	
06:15 h		sábados			
08:15 h - 20:15 h	cada hora	sábados	cada hora	07:20 h - 21:20 h	
21:50 h	último	sábados			
08:15 h - 20:15 h	cada hora	dom./fest.	cada hora	08:20 h - 21:20 h	
21:50 h	último	dom./fest.			

> SAÍDAS		Cal Pita		REGRESOS <	
172 PERILLO • SANTA CRUZ • ARILLO • RIALTA					
06:35 h - 21:35 h	cada hora	luns - venres	cada hora	07:15 h - 22:15 h	
06:55 h - 21:55 h	cada hora	luns - venres	cada hora	07:55 h - 20:55 h	
			último	22:35 h	
08:35 h - 20:35 h	cada hora	sábados	cada hora	09:15 h - 21:15 h	
09:35 h - 20:35 h	cada hora	dom./fest.	cada hora	10:15 h - 21:15 h	
172A PERILLO • SANTA CRUZ • ARILLO • RIALTA • DORNEDA • POUSADA					
07:55 h - 10:55 h - 13:55 h		luns - venres	08:45 h - 11:45 h - 14:45 h		
15:55 h e 18:55 h		luns - venres	16:45 h - 19:45 h		
172B PERILLO • SANTA CRUZ • ARILLO • RIALTA • DORNEDA • POUSADA • SOÑEIRO					
06:55 h - 12:55 h - 19:55 h		luns - venres	07:40 h - 13:40 h e 20:40 h		

ENTREXARDINS / COSTA DA PALLOZA / GAITEIRA / OS CASTROS / CHUAC / MATERNAL INFANTIL / XESUITAS / PONTE PASAXE

> SAÍDAS		Cal Pita		REGRESOS <	
PERILLO • MONTROVE • OS REGOS • OLEIROS					
07:05 h - 22:05 h	cada hora	luns - venres	cada hora	07:30 h - 22:30 h	
08:05 h - 20:05 h	cada hora	sábados	cada hora	08:30 h - 20:30 h	
10:05 h - 20:05 h	cada hora	dom./fest.	cada hora	10:30 h - 20:30 h	
PERILLO • MONTROVE • OS REGOS • OLEIROS • SOÑEIRO					
08:05 h e 14:05 h		sábados	08:26 h e 14:26 h		
10:05 h e 14:05 h		dom./fest.	10:26 h e 14:26 h		
PERILLO • MONTROVE • OS REGOS • OLEIROS • POUSADA					
11:05 h - 16:05 h e 19:05 h		sa./dom./fest.	11:30 h - 16:30 h e 19:30 h		

LORBÉ • O BURGO

> SAÍDAS		Cal Pita		REGRESOS <	
LORBÉ • SANTA CRUZ • OLEIROS • SAN PEDRO • O BURGO					
07:00 h - 21:00 h	cada 2 horas	luns - venres	cada 2 horas	08:00 h - 20:00 h	

SADA • LORBÉ • DEXO • MERA • A CORUÑA | Eliseo Pita

> SAÍDAS de Sada CONCELLO

Días laborais: 06:30 h, 07:25 h, 08:30 h, 09:30 h, 10:30 h, 12:00 h, 13:00 h, 14:30 h, 15:30 h, 16:30 h, 17:30 h*, 18:30 h, 19:30 h e 21:00 h

Domingos e festivos: 8:30 h, 10:30 h, 12:30 h, 15:00 h, 16:30 h, 18:00 h*, 19:30 h e 21:00 h

(*): Non pasa por Dexo.

> SAÍDAS de A Coruña, ENTREXARDÍNS

Días laborais: 07:20 h, 08:30 h*, 09:30 h, 10:30 h*, 11:30 h, 13:00 h, 14:00 h, 15:30 h, 16:30 h, 17:30 h*, 18:30 h, 19:30 h, 20:30 h e 22:00 h

Domingos e festivos: 9:30 h, 11:30 h, 13:30 h, 16:00 h, 17:30 h, 19:00 h, 20:30 h e 22:00 h

(*): Non pasa por Dexo.

FARMACIAS DE GARDA

	Datas
▪ JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfinho, nº 121. Lorbé (Dexo) • Teléfono: 981 628 165	Do 20 ao 26 de decembro
▪ LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Centro comercial de Iñás) • Teléfono: 981 619 337	Do 27 de decembro ao 2 de xaneiro
▪ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1 (Oleiros) • Teléfono: 981 610 027	Do 3 ao 9 de xaneiro
▪ MARTA VIGUERA MOSQUERA Rúa Miramar, nº 4. Mera (Serantes) • Teléfono: 981 617 937	Do 10 ao 16 de xaneiro
▪ JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo) • Teléfono: 981 635 024	Do 17 ao 23 de xaneiro
▪ M ^a ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247. San Pedro (Nós) • Teléfono: 981 663 890	Do 24 ao 30 de xaneiro
▪ FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6. Santa Cruz (Liáns) • Teléfono: 981 614 503	Do 31 de xaneiro ao 6 de febreiro
▪ M ^a TERESA LEMA ESPASANDÍN Avda. República Argentina, nº 95. Arillo (Dorneda) • Teléfono: 981 648 440	Do 7 ao 14 de febreiro
▪ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Isaac Díaz Pardo, nº 4. Os Regos (Liáns) • Teléfono: 981 614 184	Do 14 ao 20 de febreiro
▪ PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 10. Santa Cruz (Liáns) • Teléfono: 981 923 845	Do 21 ao 27 de febreiro
▪ PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16. Santa Cristina (Perillo) • Teléfono: 881 963 932	Do 28 de febreiro ao 5 de marzo

En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333

Aeroporto de Alvedro

981 187 200

Estación autobuses A Coruña

981 184 335

Estación FFCC San Cristovo

902 432 343



36.842
habitantes
empadroados/as!

Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 3 de decembro

DEXO (Santa María)	1.389
DORNEDA (San Martiño)	3.572
IÑÁS (San Xurxo)	1.253
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.672
MAIANCA (San Cosme)	1.530
NÓS (San Pedro)	4.800
OLEIROS (Santa María)	3.187
PERILLO (Santa Leocadia)	8.870
SERANTES (San Xulián)	1.569
TOTAL	36.842

A vía Ártabra, sen rematar no porto de Lorbé | *A Xunta ten pendente a construción dun aparcadoiro*



◆ O Concello de Oleiros está a demandar á Xunta de Galicia a construción do aparcadoiro no porto de Lorbé, previsto no proxecto da vía Ártabra. O Goberno autonómico non ten escusa de ningún tipo para non realizar esta actuación, que non supera os 150.000 euros. Hai anos que expropiou o solo necesario para a obra e desde o pasado 27 de setembro ten a titularidade do tramo de estrada desde onde remata actualmente a vía Ártabra ata a entrada do porto.

Ademais da construción do aparcadoiro e do acceso ao porto, restaría por construír unha rede de saneamento para as vivendas, as instalacións portuarias, o restaurante e a depuradora de mexillón.



En marcha a conexión coa AP-9 ▼

O pasado mes de agosto iniciáronse as obras que permitirán conectar a vía Ártabra coa autoestrada do Atlántico, que teñen un custo de 35 millóns de euros. Inicialmente vai realizarse o tramo entre a N-VI e a estrada San Pedro de Nós-Cecebre. A Xunta continuará coa construción do enlace coa autoestrada cando reciba a autorización do Ministerio de Fomento, pendente desde hai meses.

Unha vez finalice esta fase, quedaría por realizar a conexión coa A-6 na Rocha. Desta maneira, crearíase un grande cinto de circunvalación na comarca, dando un importante servizo aos municipios de Oleiros, Sada, Cambre e Arteixo.